



A ENERXÍA SOLAR: A nai de tódalas enerxías


11. Só nos queda fixar o cono que acabamos de construír ó captador solar da base. Podemos pegalo con trozos de cartón, deixando o conxunto ríxido e cunha abertura duns cm. entre o borde inferior do cono e a superficie captadora.
12. Finalmente, poñemos a cheminea no alto do cono, ben pegada, rodeando a unión con silicona.



13. Colocamos o móbil solar nun lugar soleado, esperamos un rato e o muiño debe comezar a xirar.




-
14. Explica porqué se move o muiño. ¿Cómo poderíamos acelerar a súa velocidade de xiro?





Na vida cotiá, ó longo do ano, empregamos consciente ou inconscientemente a enerxía solar, un exemplo é cando secamos a roupa o sol.

Podes poñer tí algún exemplo máis _____

As instalacións de enerxía solar están baseadas na utilización de dispositivos que aproveiten a radiación procedente do sol para queutar un líquido (enerxía solar térmica) ou xerar electricidade (enerxía solar fotovoltaica).



8. Para deixar o rotor ben colocado, enroscaremos o tapón da botella coa varilla xa clavada nel e logo colocaremos o muiño cravado co alfiler, soplando para ver se xira libremente.
9. Agora prepararemos o captador solar cunha superficie plana e oscura. Utilizamos unha tapa ou plato planos, grandes e de cor negra, mellor cun pequeno bordillo que evite o paso de aire polo fondo.
10. Despois, construiremos a base da cheminea, cun cono ou embudo de metacrilato transparente duns 30 cm. de diámetro, co centro aberto, do mesmo tamaño que o tubo da cheminea e cunha abertura que permita montar e pegar as solapas dos dous lados con silicona.



Obradoiro de enerxía solar: Construcción dun móvil solar cunha cheminea solar.


Materiais:

3 ou 4 botellas de plástico transparente de 1,5 l., un plato ou tapa grande negros, unha varilla de madeira, unha plancha de metacrilato transparente de 30 x 30 cm. de lado e 2 mm. de grosor, unha tachuela e un alfiler, pegamento forte ou silicona, un trozo de cartón, un folio de papel branco.


Necesitaremos ademáis algunha ferramenta para traballar: cutter, tesouras, serra de marquetería, regla, compás, lapiceiro e goma, pistola aplicadora de silicona, un sargento para apretar.

Modo de facelo:


1. Cortar a base e a boca co tapón das botellas de plástico. Unir os tramos con silicona.
2. Fabricar o muiño cun papel fino, facendo unha hélice de seis aspas. Primeiro medimos o diámetro interior da botella, restando 1,5 cm. e dividindo entre dous, trasladamos o resultado ó papel facendo un círculo co compás, marcando claramente o centro.



3. A continuación, coa mesma medida no compás, marcaremos seis puntos equidistantes e trazamos seis liñas desde os puntos ata o centro do círculo. Logo pechamos o compás ata 1,5 cm. e marcaremos un círculo concéntrico




4. Recortaremos o disco e faremos seis cortes desde o borde ata a liña do círculo interior, torcendo cos dedos as aspas para darlles un pouco de inclinación.



5. Pasaremos un alfiler polo centro do muiño que xa tiñamos marcado.

6

6. Cunha das botellas facemos o soporte do muiño, clavando cunha chincheta a varilla de 10 cm. hacia o interior da botella, polo seu centro. No outro extremo da varilla colocamos o muiño suxeito cun alfiler, debe xirar libremente sobre este eixe.



7. Hai que recortar 3 ou 4 ventanas no cono da botella, arredor do tapón deste tramo, por onde sairá o aire procedente do fondo da cheminea




Turismo e Natureza

3



Energía solar térmica:
Éstas instalacións aproveitan a radiación solar para quentar un fluído e facelo circular polo interior dun panel, onde se consegue unha alta temperatura. Os usos deste tipo de instalacións son: quecemento de auga de uso sanitario (ducha), calefacción, ...

Energía solar fotovoltaica:
Este tipo de instalacións aproveitan a radiación solar para xerar unha corrente eléctrica, que pode utilizarse directamente na casa, ou almacenarse en forma de enerxía química en baterías.



Este é outro exemplo de instalación solar térmica. Coñecese como quintador solar en espiral. Se queres en Alvarella poderás facelo.